

XV Premio de Maquetas de Música Universidade de Vigo

A Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais convoca o XIV Premio de maquetas de música Universidade de Vigo de acordo coas seguintes bases:

1. Poderán presentarse aqueles solistas que sexan membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo ou aqueles grupos que teñan entre os seus compoñentes polo menos dous (2) membros da devandita comunidade ou tres (3) no caso de grupos de cinco (5) ou máis compoñentes. Non poderán tomar parte neste concurso os que teñan editado algún traballo discográfico, agás que sexa autoeditado e non conten con respaldo discográfico na actualidade.
2. As maquetas deberanse entregar en soporte CD con calidade aceptable e contarán cun mínimo de tres temas orixinais.
3. Os temas incluídos na maqueta non poden ter sido premiados en ningún outro concurso.
4. Cada maqueta levará un título. Ademais irá acompañada dun sobre co mesmo título, duración e modalidade no exterior, e co nome do grupo, os datos de cada un dos seus membros (nome completo, DNI, enderezo, teléfono de contacto e acreditación de membros da comunidade universitaria) no interior.
5. Haberá un 1º premio dotado con 800 euros e un 2º premio dotado con 400 euros. A estas cantidades aplicaráselle a retención legalmente establecida.
6. O xurado será designado pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais e estará composto por membros da comunidade universitaria e persoas vinculadas á materia do concurso.
7. A decisión do xurado será inapelable. Os premios poden quedar desertos se o xurado así o establece.
8. O fallo do xurado publicitarase adecuadamente e a entrega de premios terá lugar no presente ano 2017, podendo quedar deserto.
9. A Universidade de Vigo resérvase a posibilidade de editar un CD ou DVD con temas dos gañadores en cada modalidade ou promover actuacións destes nos tres campus.